

INFODAY V Edición

14.12.2022 | 09.00 horas
Online

BFFood

business factory

www.bffood.gal

BFFood, a aceleradora vertical do sector alimentario de Galicia, promovida pola Xunta de Galicia a través de Gain, Igape e Xesgalicia e coordinada por Clusaga, entra na súa V Edición.

BFFood apoia proxectos de emprendemento, tanto nacionais como internacionais, que dean resposta aos retos da industria alimentaria galega, e faino a través de dous programas específicos deseñados en función do seu grao de desenvolvemento: un programa de aceleración para os proxectos en fase semente e un programa de consolidación para proxectos máis avanzados. Ambos inclúen actividades de mentorización, formación, *coaching*, *networking* e acceso a un catálogo de infraestruturas, medios e servizos técnicos.

Cada proxecto contará cun ou máis mentores de empresas líderes do sector alimentario para guiar e facilitar o seu desenvolvemento, así como com acceso a financiamento específico en forma de subvencións a fondo perdido e préstamos participativos.

Neste webinar daranse a coñecer as características desta V Edición. Sumando as súas catro edicións anteriores, a BFFood ten apoiado 47 proxectos de emprendemento. Nesta V Edición está previsto que impulse ata 10 proxectos na fase de aceleración e ata 6 proxectos na fase de consolidación. O prazo para presentar propostas de proxectos para formar parte desta aceleradora finaliza o próximo 20 de decembro ás 14.00 horas.

Máis información:



bff@clusaga.org



981 556 062

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

09.00 **Benvida e presentación de BFFood**

Roberto Alonso. Cluster Manager de Clusaga

09.10 **V Edición de BFFood. Beneficios e fórmulas de participación**

Xosé Ramón Vázquez. Responsable de BFFood de Clusaga

09.30 **Quenda de preguntas**

09.45 **Clasura da xornada**

Roberto Alonso. Cluster Manager de Clusaga